

11/807 CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO MUNICIPAL DO CENTRO DE DÍA “NOVO ANTONIO GANDROY”, SITO NA RÚA CARRIL DAS HORTAS E SUBMINISTRACIÓN DE COMIDAS ÓS USUARIOS. DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDEMENTO PARA O LOTE 1 – XESTIÓN DO CENTRO DE DÍA.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e vista a proposta da Presidenta da Mesa de Contratación, do 28 de setembro de 2009 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

I.- Acordo da Xunta de Goberno Local nº 18/568 de data 22 de xullo de 2009 polo que se aproba a contratación do servizo público municipal do Centro de Día ‘Novo Antonio Gandoy’ e subministración de comidas así como os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e a apertura do procedemento de adxudicación.

II.- Acordo da Xunta de Goberno local 15/669 de data 2 de setembro de 2009 polo que se acorda a desistencia do procedemento, a modificación do prego de prescricións técnicas e a apertura dun novo procedemento de licitación.

III.- Anuncio de licitación no BOP de Lugo nº 207 de 9 de setembro de 2009.

IV.- Acta da mesa de contratación de data 28 de setembro de 2009 na que se informa de que non se presentou ningunha empresa á licitación para o LOTE 1 ‘Xestión do centro de día “Novo Antonio Gandoy”’ polo que se propón a declaración de deserto.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta da referida Mesa de Contratación, e por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar deserto o procedemento de licitación convocado para a contratación do servizo público municipal de xestión do centro de día “Novo Antonio Gandoy” polos motivos recollidos na acta da Mesa de Contratación de data 28 de setembro de 2009 que se dan por reproducidos a efectos da súa fundamentación.

SEGUNDO.- Notificarlles esta resolución ás dependencias municipais afectadas con indicación de que a citada resolución pon fin á vía administrativa e que contra ela caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso administrativo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación deste acto.

ACTAS E GOBERNO

LRP/mbfc

Ref^a: DECLARACION DESERTO XESTION NOVO ANTONIO GANDOY.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4-11-2009

- Non obstante o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Xunta de Goberno Local e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación deste acto.